XUNTA DE GALICIA | DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

Xacobeo 2027

INFORME DE ACTIVIDADE DAS INFECCIÓNS RESPIRATORIAS AGUDAS EN GALICIA

Dirección Xeral de Saúde Pública

Datos ata a semana 45 do ano 2026 (08-11-2026)

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2026

ÍNDICE

Resumo 3
Ligazóns de interese 6
1. Introdución 7
2. Dispensación de antigripais e probas de antíxenos nas farmacias 10
3. Chamadas ao 061 11
4. Consultas na Atención Primaria do Sergas 13
4.1. Consultas na Atención Primaria do Sergas por grupo de idade 14
4.2. Consultas na Atención Primaria do Sergas por área sanitaria 15
5. Ingresos con patóxeno confirmado 16
5.1. Ingresos por grupo de idade 17
5.2. Ingresos por área sanitaria 18
6. Resultado das probas microbiolóxicas 19
6.1. Positividade por área sanitaria 21
7. Predición e niveis de intensidade da actividade gripal na tempada actual 25

Resumo

Cualificación da actividade gripal en Galicia na semana 45/2026	
Intensidade: BASAL	Tendencia: CRECENTE

Dispensación nas oficinas de farmacia. Na semana 45/2026 (que rematou o 08-11-2026) a taxa de dispensación de antigripais aumentou un 15,3% mentres que a de probas de antíxenos descendeu un 11,1%, en comparación coa semana anterior.

Chamadas ao 061. Na semana 45/2026 (que rematou o 08-11-2026) as taxas de chamadas ao 061 por IRAs e por gripe aumentaron un 4,9% e un 61,1% respectivamente, en comparación coa semana anterior.

Consultas en atención primaria. Na semana 45 a vixilancia baseada nos rexistros de atención primaria amosa os seguintes datos.

- ***Total de infeccións respiratorias agudas (IRAs)***: a taxa de consultas aumentou un 14,2% en comparación coa semana previa, pasando de 176,3 a 201,4 consultas por 10^5 habitantes. Este aumento observouse en todos os grupos de idade, sendo máis acusado no grupo de 5 a 19 anos, no que o incremento foi dun 38%. O grupo de idade coa maior taxa segue a ser o de 0 a 4 anos con 1.345,4 consultas por 10^5 habitantes. Por áreas sanitarias, a taxa tamén se incrementou en todas elas. A área coa maior taxa foi a de Ourense con 274,5 consultas por 10^5 habitantes.

- ***Gripe***: a taxa de consultas aumentou un 30,5% a respecto da semana previa, o que supón pasar de 12,3 a 16,1 consultas por 10^5 habitantes, aínda que a intensidade da actividade gripal continúa no nivel basal. O aumento da taxa produciuse en todos os grupos de idade con excepción do grupo de 0 a 4 anos e o de 60 a 79 anos, nos que diminuíu. Os grupos nos que se observou un maior incremento foron os de 20 a 59 anos (70,7%) e 5 a 19 anos (35,2%). Este último grupo foi o que presentou a taxa máis elevada con 30,7 consultas por 10^5 habitantes. En relación ás áreas sanitarias, observouse un aumento da taxa en todas elas. A área coa maior taxa de consultas foi a de Lugo con 29,8 consultas por 10^5 habitantes respectivamente.

- ***COVID-19***: en comparación coa semana previa, a taxa de consultas diminuíu un 4,8%, pasando de 16,9 a 16,1 consultas por 10^5 habitantes. Este descenso produciuse en todos grupos de idade agás nos grupos de 5 a 19 anos e de 20 a 59 anos, nos que aumentou un 63,8% e un 4,8%, respectivamente. O grupo que

presentou a maior taxa foi o de 80 e máis anos con 22,0 consultas por 10^5 habitantes, se ben neste grupo observouse un descenso do 29,0% en relación á semana anterior. Por área sanitaria, a taxa de consultas aumentou en todas elas con excepción da área de Ferrol, na que se mantivo estable, e a área de Lugo, na que descendeu lixeiramente. A área coa maior taxa foi a de Pontevedra con 20,8 consultas por 10^5 habitantes.

- Consultas por bronquiolite en nenos e nenas de 2 a 5 anos: na semana 45 produciuse un incremento da taxa do 20,8%, sendo a taxa de 9,3 consultas por 10^5 habitantes. A evolución deste indicador neste grupo de idade e nos grupos que o conforman, pódese consultar no informe de seguimento do virus respiratorio sincitial (VRS) en Galicia (ligazón).

Ingresos con patóxeno confirmado

- Gripe: na semana 45 a taxa de ingresos foi de 1,4 ingresos por 10^5 habitantes, semellante á da semana previa. Por grupos de idade, os únicos nos que se produciu un incremento da taxa de ingresos foron o de 0 a 4 anos e o de 5 a 19 anos. O grupo de idade que presentou a taxa máis elevada foi o de 0 a 4 anos con 6,6 ingresos por 10^5 habitantes, seguido do grupo de 80 e máis anos con 5,7 ingresos por 10^5 habitantes. No que se refire ás áreas sanitarias, a taxa de ingresos descendeu ou mantívose máis ou menos estable en todas elas. A única área na que se observou un lixeiro incremento foi a de Santiago que, xunto coa de Lugo, presentou a taxa de ingresos máis elevada (2,5 ingresos por 10^5 habitantes en ambas as dúas áreas). No que vai de tempada notificáronse 208 ingresos, a maioría deles (203) con virus do tipo A (o 37% do subtipo $AH1_{pdm09}$).

- COVID-19: en comparación coa semana previa, a taxa de ingresos descendeu un 16,7% (de 4,2 a 3,5 ingresos por 10^5 habitantes). Por grupos de idade, non se observou ningún incremento. O grupo de idade que presentou a maior taxa de ingresos foi o de 80 e máis anos con 21,6 ingresos por 10^5 habitantes. No que se refire ás áreas sanitarias, a única área na que aumentou a taxa de ingresos foi a de Vigo, que se sitúa como a segunda área coa taxa máis elevada trala área de Lugo.

- VRS: a taxa de ingresos no conxunto da poboación foi de 0,1 ingresos por 10^5 habitantes, igual á da semana anterior. A maior parte das hospitalizacións producíronse no grupo de 0 a 4 anos, se ben tamén se rexistrou algún ingreso no grupo de 60 a 79 anos, aínda que a súa taxa é moi baixa. As únicas áreas con hospitalización con VRS foron as da Coruña e Santiago.

Resultados das probas microbiolóxicas

- ***Gripe***: na semana 45 a positividade das mostras estudadas para virus do tipo A foi do 5,2%, semellante á da semana anterior (5,1%). Dos virus do tipo A subtipados no que vai de tempada, o 32,6% foron $H1N1_{pdm09}$ e o 67,4% foron H3N2.

  A positividade das mostras estudadas para virus do tipo B foi do 0,2%, polo que a positividade dos virus da gripe (sen diferenciar tipo) foi do 5,2%, semellante á da semana anterior (5,3%).

- ***COVID-19***: a positividade das mostras estudadas para SARS-CoV-2 en Galicia foi do 12,0%, inferior á da semana previa, na que foi do 13,8%.

- ***VRS***: na semana 45 a positividade foi do 0,4%, igual á da semana anterior. Os valores sitúanse por debaixo do limiar empregado para definir a onda epidémica do VRS (3%).

Evolución da actividade gripal. O escenario desta semana difire do da semana anterior, xa que se observa un aumento da taxa de consultas do 30,5 %. Ademais, este incremento produciuse en todos os grupos de idade, con excepción do de 0 a 4 anos e o de 60 a 79 anos, nos que diminuíu. Destaca o incremento do 70,7% rexistrado no grupo de 20 a 59 anos se ben as maiores taxas seguen a observarse en nenos/as e adolescentes.

En canto á porcentaxe de positividade das mostras estudadas para virus do tipo A, que na semana anterior aumentara, nesta semana mantívose estable en 5,2%. Este virus segue a ser o predominante e de todos os virus A subtipados no que vai de tempada, o 67,4% H3 e o 32,6% foron H1 (a semana anterior o 72,5% eran H3). Semella que conforme van transcorrendo as semanas, aumenta a porcentaxe de virus con subtipo H1 en detrimento do H3.

En relación ás hospitalizacións, e ao igual que acontecera na semana previa, a taxa de ingresos mantívose estable, se ben nesta semana, produciuse un incremento da taxa nos grupos e 0 a 4 e de 5 a 19 anos. Foi o primeiro destes grupos o que amosou a taxa máis elevada con 6,6 ingresos por 10^5 habitantes, seguido do grupo de 80 e máis anos con 5,7 ingresos por 10^5 habitantes.

Polo tanto, continuamos en situación preepidémica ou basal sen que se acadase o limiar que indica o inicio da onda epidémica de gripe.

Ligazóns de interese

Infeccións Respiratorias Agudas: ligazón.

Campaña de vacinación antigripal: ligazón.

Informe de actividade do VRS en Galicia: ligazón.

1. Introdución

En Galicia as infeccións respiratorias vixíanse mediante os seguintes datos:

Dispensación nas oficinas de farmacia. Trátase das dispensacións de antigripais e probas rápidas de antíxenos para a detección de gripe e COVID-19, nas oficinas de farmacia.

A vixilancia sentinela da dispensación nas oficinas de farmacia inclúe datos procedentes de 70 farmacias do territorio galego (30 de A Coruña, 20 de Pontevedra, 10 de Lugo e 10 de Ourense) recollidos con periodicidade semanal. En relación aos antigripais, inclúense o número das 5 especialidades farmaceúticas publicitarias (EFP) máis dispensadas.

Chamadas realizadas ao 061. Semanalmente o 061 remite ao Servizo de Vixilancia Epidemiolóxica o rexistro de chamadas recibidas nas que o motivo que as orixina está codificado como infección respiratoria aguda seguindo unha equivalencia coa codificación empregada en atención primaria.

Estas chamadas considéranse casos de infección respiratoria aguda deixando só un rexistro por persoa e data da chamada e eliminando os rexistros que nos 10 días previos tiñan outro rexistro co mesmo ou distinto código. Con estes datos calcúlanse as taxas de chamadas por gripe e o total de infeccións respiratorias agudas por 10^5 habitantes.

Consultas en atención primaria. Semanalmente extráense da base de datos de atención primaria os rexistros que teñen o motivo da consulta codificado como unha infección respiratoria aguda codificada como: COVID-19 (A77, A77.01 e A77.04), infección respiratoria aguda do tracto superior (R74), amigdalite aguda (R76), farinxite/amigdalite estreptocócica (R72), larinxite/traqueíte aguda (R77), bronquite, infección do tracto inferior, infección pulmonar aguda (R78), bronquiolite (R78.01), gripe (R80), pneumonía (R81), pneumonía bacteriana (R81.01) e pneumonía viral (R81.02).

Estas consultas transfórmanse en casos de infección respiratoria aguda deixando un só rexistro por persoa e data de gravación do episodio co criterio seguinte: elimínase os rexistros que nos 10 días previos tiñan outro rexistro co mesmo ou distinto código. Con estes datos calcúlanse os seguintes indicadores coa semana como referencia temporal:

- Taxa de consultas: Número de casos de IRAs, gripe, COVID-19 e VRS por cada 10^5 habitantes e taxa de consultas por bronquiolite aguda en menores de 2 anos. Os datos de poboación proveñen do Censo (IGE), e a taxa amósase para o conxunto de Galicia, por grupo de idade e por área sanitaria (agás no caso da

bronquiolite aguda). No caso da gripe, a taxa de consultas emprégase para establecer o nivel de intensidade gripal da semana (ver máis adiante).

Ingresos con gripe, COVID-19 e infección con VRS confirmada. Semanalmente crúzase a base de datos dos laboratorios de microbioloxía coa de ingresos hospitalarios, obtendo a relación de persoas que ingresaron no hospital e teñen polo menos un resultado positivo a gripe, SARS-CoV-2 e VRS entre os 5 días previos á hospitalización e os 5 días posteriores á mesma. Estas persoas considérase que estiveron ingresadas CON gripe, COVID-19 ou infección por VRS sen determinar se o virus foi a causa que motivou o ingreso ou non.

Cos datos anteriores calcúlanse os seguintes indicadores coa semana (definida pola data de ingreso ou a data do positivo, se esta foi posterior á do ingreso) como referencia temporal:

- Taxa de ingresos con gripe, COVID-19 ou infección por VRS confirmada. Número de ingresos con gripe, COVID-19 ou infección por VRS confirmada por cada 10^5 habitantes. Os datos de poboación proveñen do Censo (IGE), e a taxa amósase para o conxunto de Galicia, por grupo de idade e por área sanitaria.

Resultado das probas microbiolóxicas. Semanalmente extráense das bases de datos dos laboratorios de microbioloxía todas as probas empregadas para o diagnóstico de gripe, SARS-CoV-2 e VRS co seu resultado. Posteriormente redúcense a unha proba por persoa e semana, empregando os seguintes criterios:

- Para a gripe, aplícase un criterio de prioridade de forma independente para virus do tipo A e do tipo B. No tipo A priorízase a proba con data máis antiga e resultado positivo para un subtipo ($H1N1_{pdm09}$ ou H3N2), despois a proba con data máis antiga e resultado positivo sen información sobre o subtipo e finalmente a proba negativa con data máis antiga. No tipo B priorízase a proba positiva con data máis antiga e despois a proba negativa con data máis antiga.
- No caso do SARS-CoV-2 e do VRS establécese como criterio o uso da proba positiva con data máis antiga e, no caso de non ter ningún resultado positivo, a proba negativa con data máis antiga.

Con estes datos calcúlanse os seguintes indicadores coa semana como referencia temporal:

- Positividade das probas diagnósticas de gripe, SARS-CoV-2 e VRS: Porcentaxe de persoas con resultado positivo na proba diagnóstica respecto do total de persoas ás que se lle realizou unha proba diagnóstica de gripe, SARS-CoV-2 e VRS. Amósase a positividade global e por área sanitaria.

- Positividade das probas diagnósticas por tipo de virus da gripe: Positividade calculada restrinxindo as probas ás que diagnostican o tipo de virus (A ou B) no conxunto de Galicia.
- Número de probas positivas de gripe A por subtipo: Número de persoas con proba diagnóstica positiva para gripe A do subtipo $H1N1_{pdm09}$ ou H3N2 no conxunto de Galicia.
- Taxa de probas de gripe, SARS-CoV-2 e VRS: Número de probas de gripe, SARS-CoV-2 e VRS realizadas por cada 10^5 habitantes para o global de Galicia e por área sanitaria.

Cualificación da actividade gripal. Para cualificar a actividade gripal en Galicia utilízanse os seguintes indicadores:

- Evolución da actividade gripal. A evolución diferénciase nas tres categorías seguintes:
  - Crecente: A intensidade da actividade gripal aumenta comparada coa semana previa.
  - Decrecente: A intensidade da actividade gripal diminúe comparada coa semana previa.
  - Estable: A intensidade da actividade gripal non cambia comparada coa semana previa.
- Intensidade da actividade gripal. A intensidade da actividade gripal cualifícase a partir da taxa de consultas por gripe (rexistradas co código CIAP-2 R80). Os limiares de cambio de nivel de intensidade estimáronse co modelo de epidemias móbiles[1].

Niveis de intensidade da actividade gripal na tempada 2026/27	Basal:	por debaixo de 26,66
	Baixa:	entre 26,66 e 99,08
	Media:	entre 99,08 e 168,38
	Alta:	entre 168,38 e 212,85
	Moi alta:	igual ou por riba de 212,85

[1] Vega T, et al. Influenza surveillance in Europe: establishing epidemic thresholds by the moving epidemic method, *Influenza Other Respir Viruses*. 2013; 7:546–58. https://doi.org/10.1111/j.1750-2659.2012.00422.x

2. Dispensación de antigripais e probas de antíxenos nas farmacias




Figura 1. Taxa de consultas por IRAs na Atención Primaria do Sergas e taxa de dispensación de antigripais e probas de antíxenos por 10^5 habitantes. Datos ata o 08-11-2026.




Figura 2. Taxa de consultas por gripe na Atención Primaria do Sergas e taxa de dispensación de antigripais e probas de antíxenos por 10^5 habitantes. Datos ata o 08-11-2026.

Semana	Antigripais		Probas de antíxeno	
	Número	Taxa	Número	Taxa
36	545	26,6	392	20,6
37	602	29,0	513	25,5
38	734	35,5	942	48,3
39	950	44,2	1.900	91,2
40	1.065	52,1	1.808	89,1
41	985	46,6	1.448	73,1
42	792	37,8	1.214	57,1
43	1.081	52,5	970	46,9
44	931	43,6	792	38,6
45	1.068	50,3	731	34,4

Táboa 1. Dispensación de antigripais e probas de antíxenos nas farmacias. Número de unidades e taxa por 10^5 habitantes nas últimas 10 semanas en Galicia. Datos ata o 08-11-2026.

3. Chamadas ao 061

Semana	IRAs		Gripe	
	Número	Taxa	Número	Taxa
36	68	2,5	7	0,3
37	70	2,6	10	0,4
38	102	3,8	14	0,5
39	145	5,3	32	1,2
40	151	5,6	28	1,0
41	140	5,2	23	0,8
42	131	4,8	21	0,8
43	126	4,6	23	0,8
44	103	3,8	18	0,7
45	108	4,0	29	1,1

Táboa 2. Chamadas ao 061 por IRAs e gripe. Número de chamadas e taxa por 10^5 habitantes nas últimas 10 semanas en Galicia. Datos ata o 08-11-2026.




Figura 3. Taxas por 10^5 habitantes de consultas por IRAs na Atención Primaria do Sergas e de chamadas ao 061 por IRAs. Datos ata o 08-11-2026.




Figura 4. Taxas por 10^5 habitantes de consultas por gripe na Atención Primaria do Sergas e de chamadas ao 061 por gripe. Datos ata o 08-11-2026.

4. Consultas na Atención Primaria do Sergas




Figura 5. Taxa de consultas por IRAs, gripe e COVID-19, por 10^5 habitantes, na Atención Primaria do Sergas.

4.1. Consultas na Atención Primaria do Sergas por grupo de idade

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
40	1.259,3	245,5	155,0	138,7	187,0	203,4
41	1.344,1	202,3	143,0	132,4	175,2	191,1
42	1.075,3	163,6	130,6	121,3	154,4	167,4
43	1.361,3	196,1	135,8	135,2	160,5	186,3
44	1.214,3	191,1	127,0	130,5	167,9	176,3
45	1.345,4	263,8	149,7	138,2	158,5	201,4

Táboa 3. Taxas semanais de consultas por todas as IRAs, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27, en Galicia e por grupos de idade. Consultas na AP do Sergas ata o 08-11-2026.

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
40	25,2	22,2	15,9	8,4	8,6	14,7
41	18,5	17,7	11,4	8,4	10,2	11,9
42	17,2	20,4	12,7	9,1	9,8	13,2
43	35,8	22,5	14,3	10,0	6,1	14,3
44	35,8	22,7	9,2	11,0	7,3	12,3
45	21,2	30,7	15,7	10,0	8,6	16,1

Táboa 4. Taxas semanais de consultas por gripe, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27, en Galicia e por grupos de idade. Consultas na AP do Sergas ata o 08-11-2026.

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
40	38,4	19,5	34,7	34,1	56,6	35,6
41	23,8	8,6	25,4	33,5	44,4	27,7
42	14,6	4,7	19,6	25,3	38,7	21,5
43	21,2	5,0	18,8	25,3	36,7	21,0
44	15,9	4,7	14,6	21,7	31,0	16,9
45	10,6	7,7	15,3	19,4	22,0	16,1

Táboa 5. Taxas semanais de consultas por COVID-19, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27, en Galicia e por grupos de idade. Consultas na AP do Sergas ata o 08-11-2026.

4.2. Consultas na Atención Primaria do Sergas por área sanitaria

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
40	178,9	150,4	121,5	165,9	266,6	121,8	154,8
41	131,0	139,5	91,6	162,0	237,8	126,0	157,1
42	120,3	120,3	88,3	165,0	178,5	101,9	134,2
43	149,1	137,0	93,2	174,5	231,6	124,7	144,9
44	128,0	135,5	83,0	163,2	205,7	106,5	142,4
45	211,4	187,6	149,4	208,0	274,5	174,8	179,8

Táboa 6. Taxas semanais de consultas por todas as IRAs, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27 por área sanitaria. Consultas na AP no Sergas ata o 08-11-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
40	20,0	11,1	6,4	19,0	7,9	9,1	4,9
41	12,1	7,4	4,3	18,7	7,5	8,1	4,0
42	11,6	9,6	2,1	25,5	10,8	4,2	4,4
43	11,8	12,0	1,1	34,7	12,1	6,8	4,2
44	8,3	9,1	2,7	23,6	8,8	5,2	5,2
45	16,7	19,2	9,6	29,8	16,4	9,8	9,8

Táboa 7. Taxas semanais de consultas por gripe, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27 por área sanitaria. Consultas na AP no Sergas ata o 08-11-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
40	38,2	21,6	24,1	27,6	51,8	29,6	30,6
41	22,2	15,8	16,6	22,7	46,2	17,3	28,3
42	17,2	13,1	16,6	17,2	30,1	20,2	20,1
43	20,2	11,4	18,7	14,1	30,8	17,6	19,6
44	15,7	9,1	12,9	12,3	19,3	17,6	14,7
45	18,8	11,4	12,9	11,0	20,3	20,8	15,9

Táboa 8. Taxas semanais de consultas por COVID-19, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27 por área sanitaria. Consultas na AP no Sergas ata o 08-11-2026.

5. Ingresos con patóxeno confirmado




Figura 6. Taxa de ingresos con gripe, SARS-CoV-2 ou VRS confirmado, por 10^5 habitantes, en Galicia ata o 08-11-2026.

5.1. Ingresos por grupo de idade

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
40	1,3	0,0	0,4	1,8	5,3	1,1
41	2,6	0,6	0,1	0,9	3,7	0,8
42	0,0	0,6	0,3	1,0	9,4	1,3
43	5,3	0,6	0,1	1,9	8,1	1,5
44	4,0	0,6	0,4	2,1	7,3	1,5
45	6,6	1,2	0,3	1,5	5,7	1,4

Táboa 9. Taxas semanais de ingresos con gripe, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27, en Galicia e por grupos de idade. Datos ata o 08-11-2026.

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
40	4,0	0,6	1,7	8,1	36,3	6,3
41	4,0	0,0	1,5	7,9	32,2	5,8
42	1,3	0,3	1,7	7,5	33,0	5,8
43	2,6	0,3	0,7	6,6	22,4	4,2
44	2,6	0,0	0,8	6,8	22,4	4,2
45	1,3	0,0	0,4	5,0	21,6	3,5

Táboa 10. Taxas semanais de ingresos con COVID-19, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27, en Galicia e por grupos de idade. Datos ata o 08-11-2026.

Semana	0-4 anos	5-19 anos	20-59 anos	60-79 anos	≥80 anos	Galicia
40	0,0	0,0	0,0	0,0	0,8	0,1
41	4,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1
42	0,0	0,0	0,0	0,0	0,4	0,0
43	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
44	2,6	0,3	0,0	0,0	0,4	0,1
45	2,6	0,0	0,0	0,3	0,0	0,1

Táboa 11. Taxas semanais de ingresos con VRS, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27, en Galicia e por grupos de idade. Datos ata o 08-11-2026.

5.2. Ingresos por área sanitaria

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
40	1,4	0,4	2,1	2,8	1,0	1,0	0,3
41	1,1	1,1	0,0	1,8	0,3	0,3	0,3
42	0,4	0,4	0,0	8,0	0,7	0,7	0,3
43	1,4	1,8	0,0	5,2	1,6	0,7	0,2
44	1,6	1,8	1,1	4,3	1,0	0,7	0,7
45	0,9	2,5	0,5	2,5	1,3	1,0	0,9

Táboa 12. Taxas semanais de ingresos con gripe, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27 por área sanitaria. Datos ata o 08-11-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
40	4,2	3,6	3,2	5,8	7,5	6,5	11,2
41	4,6	3,8	5,9	6,4	8,8	3,3	7,9
42	5,8	3,1	4,8	7,7	9,2	6,5	5,1
43	4,0	4,0	3,7	3,4	5,9	4,6	3,8
44	4,9	3,3	4,8	6,1	3,3	4,6	3,1
45	2,5	1,6	3,2	5,5	3,3	3,3	5,1

Táboa 13. Taxas semanais de ingresos con COVID-19, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27 por área sanitaria. Datos ata o 08-11-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
40	0,4	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
41	0,0	0,4	0,0	0,0	0,3	0,0	0,0
42	0,0	0,0	0,0	0,0	0,3	0,0	0,0
43	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
44	0,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
45	0,5	0,2	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

Táboa 14. Taxas semanais de ingresos con VRS, por 10^5 habitantes, nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27 por área sanitaria. Datos ata o 08-11-2026.

6. Resultado das probas microbiolóxicas




Figura 7. Porcentaxe de positividade das probas diagnósticas de gripe en Galicia ata o 08-11-2026.




Figura 8. Porcentaxe de positividade das probas diagnósticas de gripe en Galicia para gripe A e gripe B, e número de positivos de gripe A por subtipo. Datos ata o 08-11-2026.




Figura 9. Porcentaxe de positividade das probas diagnósticas de COVID-19 en Galicia ata o 08-11-2026.




Figura 10. Porcentaxe de positividade das probas diagnósticas de VRS en Galicia ata o 08-11-2026.

6.1. Positividade por área sanitaria

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Galicia
40	5,1	3,8	2,5	6,2	1,3	3,6	0,9	3,6
41	4,6	4,0	0,6	4,3	0,9	4,8	1,4	3,3
42	4,1	2,9	0,7	9,6	2,7	3,8	0,6	4,1
43	3,7	4,3	0,7	8,8	3,4	3,9	0,9	4,0
44	4,8	7,0	2,7	9,2	3,8	2,2	4,2	5,3
45	3,8	5,8	1,9	9,0	4,7	5,7	3,6	5,2

Táboa 15. Porcentaxe de positividade das probas de gripe nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27 por área sanitaria. Datos ata o 08-11-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Galicia
40	20,5	15,5	12,9	16,3	19,5	20,8	30,5	20,0
41	22,1	16,6	14,4	21,1	23,3	21,3	24,3	20,9
42	19,4	12,6	19,3	14,6	19,7	23,3	22,4	18,2
43	20,0	13,2	14,2	13,2	14,6	21,8	13,3	16,0
44	15,2	12,4	14,5	10,9	11,5	20,7	13,2	13,8
45	13,1	10,1	8,7	10,8	10,0	15,3	13,9	12,0

Táboa 16. Porcentaxe de positividade das probas de SARS-CoV-2 nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27 por área sanitaria. Datos ata o 08-11-2026.

Semana	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Galicia
40	0,5	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1
41	0,0	0,7	0,0	0,0	0,3	0,0	0,0	0,2
42	0,2	0,2	0,0	0,0	0,3	0,0	0,0	0,1
43	0,0	0,0	0,0	0,0	0,3	0,0	0,0	0,0
44	1,6	0,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,4
45	1,1	1,2	0,0	0,0	0,0	0,3	0,0	0,4

Táboa 17. Porcentaxe de positividade das probas de VRS nas últimas 6 semanas da tempada 2026-27 por área sanitaria. Datos ata o 08-11-2026.




Figura 11. Taxa de probas de gripe por 10^5 habitantes, e porcentaxe de positividade nas últimas 8 semanas da tempada 2026-27 en Galicia e por área sanitaria. Datos ata o 08-11-2026.




Figura 12. Taxa de probas de SARS-CoV-2 por 10^5 habitantes, e porcentaxe de positividade nas últimas 8 semanas da tempada 2026-27 en Galicia e por área sanitaria. Datos ata o 08-11-2026.




Figura 13. Taxa de probas de VRS por 10^5 habitantes, e porcentaxe de positividade nas últimas 8 semanas da tempada 2026-27 en Galicia e por área sanitaria. Datos ata o 08-11-2026.

7. Predición e niveis de intensidade da actividade gripal na tempada actual

A partir do método de epidemias móbiles (MEM) estimouse o limiar preepidémico, o comezo de onda, a súa duración e os niveis de intensidade que se considera que debería cumprir esta nova tempada de gripe, en función do comportamento observado en tempadas previas (tempadas da 2013/14 á 2019/20 e tempadas da 2023/24 á 2025/26). Todos estes valores obtivéronse para a serie de taxas de consultas por gripe e a súa interpretación sería a seguinte:

- ***Limiar preepidémico:*** valor de referencia que, de superalo nas taxas de dúas semanas seguidas, indicaría que comeza a onda de gripe na tempada actual. ***Valor:*** 26,66.

- ***Comezo da onda:*** semana na que se estima que comezará a onda de gripe na tempada actual. ***Valor:*** Semana 52.

- ***Duración da onda:*** número de semanas que se estima que durará a onda de gripe na tempada actual. ***Valor:*** 11.

- ***Niveis de intensidade:*** a partir dos catro limiares de intensidade determínanse 5 franxas de intensidade gripal: basal, baixa, media, alta e moi alta:

Basal:	por debaixo de 26,66
Baixa:	entre 26,66 e 99,08
Media:	entre 99,08 e 168,38
Alta:	entre 168,38 e 212,85
Moi alta:	igual ou por riba de 212,85

Esta información xunto coa predición a dúas semanas vista obtida por medio modelo vectorial autorregresivo, permite dar una visión da situación actual, da evolución que se espera nas seguintes semanas e do inicio e duración da onda para a tempada actual.




Figura 14. Taxa de consultas por gripe, por 10^5 habitantes, e predición para as vindeiras dúas semanas cunha banda de confianza do 95%. Datos ata o 08-11-2026.

* Comezo e fin de onda esperados segundo as tempadas previas (MEM)

Na figura 14 móstrase a predición do modelo vectorial autorregresivo realizado a partir das consultas por gripe en atención primaria. Nesta figura obsérvase a evolución real da onda de gripe (liña azul continua) e a predición (liña azul descontinua) co seu intervalo de confianza ao 95% (liñas en azul claro). Na táboa 18 móstranse os datos esperados estimados polo modelo.

A estimación puntual do modelo de predición suxire que, nas vindeiras dúas semanas, a taxa de consultas por gripe descenda de 16,1 consultas por 10^5 habitantes a 13,4 e 11,3 consultas por 10^5 habitantes nas semanas 46 e 47 respectivamente. Non obstante, e tendo en conta os límites dos intervalos de confianza, a taxa de consultas tamén podería aumentar.

Semana	*Taxa*
40	14,7
41	11,9
42	13,2
43	14,3
44	12,3
45	16,1
46 (predición e IC95%)	13,4 (6,0-20,7)
47 (predición e IC95%)	11,3 (1,9-20,7)

Táboa 18. Taxas semanais de consultas por gripe, por 10^5 habitantes, na tempada 2026-27 e predición para as dúas vindeiras semanas, cun intervalo de confianza do 95% (IC95%). Datos ata o 08-11-2026.